



ORDENANZA FISCAL NUMERO 6

REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE ACTIVIDADE, APERTURA OU FUNCIONAMENTO.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 , do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas e declaracións responsables nas aperturas de establecementos e a Taxa polo outorgamento da licenza de apertura de establecementos, que se rexerán pola presente ordenanza, de conformidade co previsto nos artigos 20.4.i) e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible deste tributo:

- a) A prestación dos servizos técnicos e administrativa previos ó outorgamento da necesaria licenza para apertura de locais ou establecementos ou modificación das instalacións, de ser o caso, nos termos da Lei 9/2013 do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade de Galicia.
- b) A prestación da actividade municipal técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar se a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística y técnica aplicable cuxa apertura se realice en réxime de declaración responsable ou comunicación previa, así como as súas modificacións ao obxecto de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, sanidade, salubridade, medioambientais, acústicas e calquera outra esixida pola normas reguladoras do exercizo da actividade de que se trate. Todo isto de acordo coas facultades de intervención administrativas conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84 ter da Lei 7/19985, de 2 de abril, reguladoras das Bases de Réxime Local.

2. Estarán suxeitas a esta taxa todas as actividades cuio exercicio se atope sometido a previa licenza e outros actos de control preventivo, a comunicación previa



ou declaración responsable, as suxeitas a control posterior ao inicio da actividade e as ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a súa prohibición., entre outras, os seguintes:

- a) A adaptación das instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan
- b) Calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento
- c) O cambio de titularidade das actividades e instalacións
- d) En todo caso, será necesaria unha nova licenza, declaracións responsable, ou comunicación previa (segundo o caso) nos supostos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento

3. Aos efectos desta taxa entederase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, este ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercizo de actividades económicas por conta propia.

4. Non estará suxeitos á presente taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteñan no novo establecemento a actividade anterior ao traslado:

- a) Como consecuencia de derrubamento.
- b) De declaración de estado ruinoso.
- c) Expropiación forzosa realizada polo Concello.

5. Os cambios de denominación social que non supoñan ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da licenza nin na actividade desenvolvida non implicarán ningún pago en concepto desta taxa.

Non terán a consideración de traspasos ou cambios de titularidade, aos efectos desta taxa, e están exentos, os que se refiran as licenzas de apertura concedidas a favor dunha comunidade de bens, cando o novo titular sexa un membro de dita comunidade, ou cando o cambio teña lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantís, nas que se produza unha subrogación universal do activo ou pasivo delas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretendan levar a cabo ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento mercantil, industrial ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar ou se é



o caso, porque presente declaración responsable ou comunicación previa. No suposto de cambio de titularidade será suxeito pasivo quen exerza a nova titularidade.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible está constituída polos elementos definidos nas Tarifas seguintes, en función do procedemento de intervención administrativa que, en cada caso, resulte de aplicación.

2. Para a liquidación das Taxas de licenzas de actividade, apertura e funcionamento, declaracións responsables ou comunicacións previas, se establecen as seguintes tarifas en función do procedemento que lle corresponda:

- a) Tarifa I : Procedementos relativos á implantación de novas actividades e establecementos
- b) Tarifa II : Cambios de titularidade das actividades e instalacións
- c) Tarifa III: Modificacións de actividades ou establecementos ou adaptación ás novas esixencias técnicas
- d) Tarifa IV: Actividades ocasionais e temporais.

3. As tarifas e importes das cotas a aboar por esta taxa serán as seguintes:

TARIFA I: NOVA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE E ESTABLECEMENTO

As cotas desta tarifa dependerán do procedemento que resulte de aplicación, así como da superficie do local ou establecemento

A estes efectos se distinguirá entre:

A) Procedementos relativos a actividades sometidas a licenza ou autorización nos supostos de nova implantación ou legalización de actividades:

- Ata 200 m² útiles, devengará unha cota de 270 €



- De 201 m2 útiles a 500 m2 útiles, devengará unha cota de 405 €
- De 501 m2 útiles a 750 m2 útiles, devengará unha cota de 540 €
- De 751 m2 útiles a 1.000 m2 útiles, devengará unha cota de .. 675 €
- De máis de 1.001 m2 útiles a 2.000 m2, devengará unha cota de 810 €
- De máis de 2.000 m2 útiles, devengarán unha cota de 1.800 €

B) Procedementos relativos a actividades sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa nos supostos de nova implantación ou legalización de actividades:

- Ata 200 m2 útiles, devengará unha cota de 180 €
- De 201 m2 útiles a 500 m2 útiles, devengará unha cota de 270 €
- De 501 m2 útiles a 750 m2 útiles, devengará unha cota de 360 €
- De 751 m2 útiles a 1.000 m2 útiles, devengará unha cota de .. 450 €
- De máis de 1.001 m2 útiles a 2.000 m2, devengará unha cota de 540 €
- De máis de 2.000 m2 útiles, devengarán unha cota de 1.215 €

TARIFA II: CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS.

As actuacións administrativas ocasionadas polo cambio de titularidade devengarán o 10 % das cotas establecidas na tarifa I, aplicándose sobre os importes da subtarifa A cando se trate de actividades suxeitas ao réxime de licenza ou autorización, e sobre os importes da subtarifa B nos supostos de actividades sometidas aos réximes de declaración responsable ou comunicación previa

TARIFA III: MODIFICACIONES DE ACTIVIDADES OU ESTABLECEMENTOS OU ADAPTACIÓN ÁS NOVAS ESIXENCIAS TÉCNICAS

Os establecementos e actividade xa legalizadas e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións substanciais, que alteren e modifiquen a licenza, a declaración responsable ou a comunicación previa anteriores, aboarán a cota equivalente á licenza de nova implantación. No caso de que a ampliación de superficie non afecte ás instalacións autorizadas, declaradas ou comunicadas, se tomará como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.



TARIFA IV: ACTIVIDADES OCASIONAIS E TEMPORAIS

As actividades ocasionais e temporais, terán unha redución sobre a cota da tarifa que lles correspondese no caso de tratarse de nova implantación, dependendo da duración da actividade:

- Ata un mes terá unha redución do 75%.
- Ata 6 meses terá unha redución do 50%

ARTIGO 5º DEVENGO

1. Nos supostos de actividades suxeitas a licenza ou autorización, a obriga de contribuir nace no momento de solicitar a licenza; si o local ou establecemento no que se está a desenvolver a actividade carecese da preceptiva licenza, a obriga de contribuir nace no momento en que a administración municipal teña coñecemento de tal situación, como consecuencia do exercicio das funcións de comprobación, control e inspección das actividades

2. Para as actividades sometidas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir no momento da presentación dos citados documentos

3. A obriga de contribuir non se verá afectada pola adopción por parte da administración municipal das medidas de clausura da actividade ou suspensión temporal da mesma, nin polo desistimento ou renuncia do particular

ARTIGO 6º. EXENCIONS E BONIFICACIONES.

De conformidade co disposto no artigo 9 do RDL 4/2004, de 5 de marzo, non se recoñece ningún beneficio tributario, coa salvedade dos que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTION

1. Os interesados ou os seus representantes efectuarán a correspondente autoliquidación e ingreso do importe das taxas no momento de solicitar a licenza de actividade. De non resultar outorgada a licenza ou en aqueles casos nos que, por causas non imputables ao interesado, non fose posible desenvolver a actividade solicitada, procederase á devolución do importe ingresado

2. Cando, como consecuencia das normas reguladoras dos procedementos aplicables na materia, resultase necesario realizar trámites de información pública mediante anuncios en diarios oficiais ou xornais, o interesado deberá ingresar –xunto co importe das taxas- o custo estimado dos anuncios oficiais

3. Nos supostos de actividades suxeitas aos réximes de declaración responsable ou comunicación previa, os interesados deberán presentar autoliquidación segundo o



modelo facilitado pola administración municipal e o xustificante de pagamento dos tributos municipais

4. A autoliquidación practicada será obxecto de revisión por parte dos servizos de xestión tributaria

DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza fiscal foi modificada polo Pleno da Corporación o día 6 de abril de 2016 e entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.